

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D1Q 2B3R 2O51 5O56 124D	

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2022.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e tres minutos do día vinte e un de febreiro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 14 DE FEBREIRO DE 2022.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data catorce de febreiro de dous mil vinte e dous, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por seis votos a favor (do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. concelleiro, Liñares Gestal, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de febreiro de 2022.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Anuncio de corrección de erros do 8 de febreiro de 2022, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico -Dirección Xeral da Costa e o Mar. Obxecto: Contrato de servizos para o cumprimento do programa de vixilancia ambiental, control, vixilancia e coordinación de seguridade e saúde das obras

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D1Q 2B3R 2051 5056 124D	

do proxecto dragado ambiental dos sedimentos da ría do Burgo, TTMM varios (A Coruña). Expediente: 15---0792. BOE núm. 40 do 16-02-2022.

- Resolución do 7 de febreiro de 2022, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2022. DOG núm. 31 do 15-02-2022.
- Anuncio do 25 de xaneiro de 2022, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2021/622). DOG núm. 31 do 15-02-2022.
- Anuncio do 2 de febreiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación industrial no Concello de Culleredo (ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño). DOG núm. 32 do 16-02-2022.
- Anuncio do 4 de febreiro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Xefatura Territorial da Coruña-, de convocatoria para o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación industrial no Concello de Culleredo (ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño). DOG núm. 34 do 18-02-2022.
- Anuncio do 10 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón do prezo público pola prestación de ensinanzas do Conservatorio de Música Municipal do mes de decembro de 2021. BOP núm. 31 do 15-02-2022.
- Extracto da resolución número 2022/6288, do 2 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria de bolsas para deportistas da provincia para o ano 2022 BDEP/2022 (BDEP-A/2022, BDEP-B/2022, BDEP-C/2022). BOP núm. 31 do 15-02-2022.
- Anuncio do 11 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de traballadora/or social de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición. BOP núm. 33 do 17-02-2022.
- Anuncio do 9 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á delegación especial na concelleira delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, para a asistencia ao pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia por imposición de servidumes de paso das instalacións do expediente IN407A 2019/79-1 o día 10 de febreiro de 2022 ás 11.30 horas. BOP núm. 33 do 17-02-2022.
- Anuncio do 10 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á asunción pola alcaldía das atribucións delegadas no concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente, Servizos e Obras, D. Carlos Liñares Gestal, que estará ausente desde o día 14 de febreiro ata o día 16 de febreiro de 2022 (ambos os dous incluídos). BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Resolución núm. 8463 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproban as bases reguladoras do Programa de fomento pesqueiro dirixido ás cofradías de pescadores e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades durante o exercicio 2022. BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Resolución núm. 8469 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022 (FO106/2022). BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Resolución núm. 8470 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D1Q 2B3R 2051 5056 124D	

de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2022 (FO206/2022). BOP núm. 34 do 18-02-2022.

- Resolución núm. 8471 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2022 (FO207/2022). BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Resolución núm. 8472 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2022 (FO216/2022). BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Resolución núm. 8459 do 16 de febreiro de 2022, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a modificación das Bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento do persoal técnico ou axentes de igualdade no ano 2022 (FOAI/2022). BOP núm. 34 do 18-02-2022.
- Anuncio do 11 de febreiro de 2022, do Concello de Culleredo, relativo á convocatoria e as bases da convocatoria do proceso selectivo para a formación dunha lista de substitución de profesor/a de música do conservatorio profesional do Concello de Culleredo, na especialidade de saxo (persoal laboral temporal). BOP núm. 35 do 21-02-2022.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. Méndez Sánchez dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural:

### **“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN**

#### **PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN LECTORA CON CANS DE TERAPIA PARA ESCOLARES**

Desenvolvido pola asociación PERROS Y LETRAS, READ España.

**Beneficiario:** alumnado de educación primaria dos colexios de Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo e Vila de Rutis, previamente seleccionado polo propio centro.

**Nº total participantes:** 30.

**Nº sesións:** 7 por participante.

**Duración cada sesión:** 20 minutos.

**Horario:** lectivo a determinar.

#### **Calendario proposto de posta en marcha:**

-Data de inicio das sesións lectoras: 17 de febreiro.

-Data de fin de sesións lectoras: 3 de xuño.

**Lugar:** Bibliotecas escolares.”

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D1Q 2B3R 2051 5056 124D	

2.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

#### **“ACTIVIDADES CULTURAIS**

##### **XOVES 24 DE FEBREIRO**

###### **Sala de vídeo do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.00 h:**

Presentación do libro *Sinais*, de Ricardo Seixo Fernández.

Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

Será necesaria a inscrición previa chamando ao teléfono 981665597 ou enviando un email a [cultura@culleredo.es](mailto:cultura@culleredo.es).

##### **SÁBADO 26 DE FEBREIRO**

###### **Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. A partir das 17.00 h:**

###### **FESTA DO ENTROIDO**

-Mago Daniel García: *Gadalka*.

-Títeres Cachirulo: *As xeneralas do Ulla*.

Público familiar. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

Entrada gratuíta. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

##### **DOMINGO 27 DE FEBREIRO**

###### **Actividades de Entroido en Centros Sociais:**

Haberá unha actividade de animación e un obradoiro de máscaras nos seguintes Centros Sociais: Orro, Castelo, Castro-Laxe e Celas.

En todos eles, o horario será de 18.00 a 20.00 h.”

2.2.3.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/399/2022 de data do 11/02/2022 pola que se expide a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca BMW 520D, matrícula 3150LFD de 5 prazas, número de identificación WBAJP31040BT84253, en substitución do vehículo 9129HHP, ao entender que cumpre todos os requisitos, para a licenza de taxi número 10.
- Resolución número CUL/RES/400/2022 de data do 11/02/2022 pola que se dá de baixa con efectos do ano 2022, a licenza municipal número 437 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con reserva con horario laboral, pertencente ao local situado na R/. José Ramallo núm. 14 - Tarrío, deste termo municipal, da titularidade de D. A. G. L. R., por non precisala.
- Resolución número CUL/RES/402/2022 de data do 11/02/2022 pola que se require á ENTRALCO, S.L. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado na rúa Brañas, á altura do num. 7, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/401/2022 de data do 11/02/2022 pola que se require á D.ª S. L. C. para que no prazo dun mes, contado dende o seguinte á recepción da presente notificación, proceda á retirada do vehículo abandonado no n aparcadoiro público situado entre a Avda. do Portádego e a rúa Alcalde Electo Carballo, coa advertencia de que, no caso de non cumprir o indicado, dítarase resolución, se procede, autorizando o seu traslado a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e des-contaminación.
- Resolución número CUL/RES/407/2022 de data do 15/02/2022 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 168, ao abeiro do Decreto 90/2002 de 28

4 de 7

de febreiro e da Ordenanza municipal reguladora da licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, e da Sección Local do Rexistro de Animais de Compañía, a D. S. P. L.

- Resolución número CUL/RES/408/2022 de data do 15/02/2022 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra de *MEJORA DE LA INTERSECCIÓN DE LA ANTIGUA N-550 EN EL P.K. 5+000 CON LA RÚA ALEJANDRO PÉREZ LUGÍN (VP-357), LA RÚA SENRA (VP-73) Y LA AVDA. CORDEDA (VP-61)*, redactado por Alberto López Barrio, e que ten o C. V. 1Q5E1G3C3T71265V0JOK.
- Resolución número CUL/RES/409/2022 de data do 15/02/2022 pola que se aproba el Plan de Seguridade e Saúde da obra de "Humanización en Avenida de Vilaboa", redactado e firmado dixitalmente con fecha 09/02/2022 por Iván Rumbo Ramos, e co C. V. 3M3H311T5C0Z403E10GB."

2.2.4.- A Sra. secretaria xeral dá lectura ao escrito de data 18 de febreiro de 2022 (código do documento UBS16I00GE) do Sr. alcalde, que di:

“

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
28/01/22	251	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de unha horas á semana (agás festivos).  Conceder a o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de unha horas á semana (agás festivos).	***9032**  ***2084**	
02/02/22	297	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dez horas á semana (agás festivos).	***2213**	
07/02/22	337	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluso o procedemento.	***2591**	
08/02/22	350	Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliar e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.	***0759**	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>5D1Q 2B3R 2051 5056 124D</b>	

09/02/22	365	<p>Conceder o servizo de Teleasistencia domiciliaria e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña.</p> <p>Aceptar o desestimento da solicitude do servizo de Xantar na casa e declarar concluso o procedemento.</p>	***4464**	
----------	-----	---	-----------	--

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de diciembre de 2014)**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
07/02/22	336	Conceder a RENOVACIÓN PROVISIOANL da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade	***2735**	ata o 17/01/2027
07/02/22	343	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***9762**	10 anos,
07/02/22	344	Conceder unha copia da tarxeta de estacionamento por extravío por razón de discapacidade.	***7155**	desde o 14/12/2015 ata o 14/12/2025
10/02/22	397	Denegar a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade porque non se recoñece a existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos.	***2448**	

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Código do documento	Código do expediente
<b>USG16I00UE</b>	<b>USG/2022/31</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5D1Q 2B3R 2051 5056 124D	

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H